



Concello do Rosal
 Praza do Calvario 1
 36770 - O Rosal
 Tel. 986 625 000
 www.concellodorosal.es



Concello do Rosal

**PR-G
112**

GALICIA

**SENDEIRO DE PESCADORES
RÍO MIÑO - TAMUXE**



Esta apracible ruta discorre por camiños e sendas ao carón dos ríos Miño e Tamuxe, no concello pontevedrés do Rosal, entre unha natureza moi humanizada que, non obstante, mantén recunchos e comunidades naturais de grande interese.

As ribeiras dos ríos, as xunqueiras e as illas agachan aves e peixes en cantidade e variedade. Porque o especial microclima deste concello dótalo dunha grande biodiversidade e permite que nel habite unha vexetación mediterránea moi beneficiada polas augas que traen os ventos do Atlántico.

Un val que goza de viños de recoñecido prestixio internacional e que tamén agacha, non moi lonxe, outras marabillas tan impresionantes coma os singulares Muíños do Folón e do Picón (PR-G94).

Tamén neste sendeiro temos o rehabilitado Muíño das Aceñas, hoxe convertido en aula de natureza, que as augas do Tamuxe manteñan en continuo movemento. Xunto a el, unha área de lecer baixo a fresca sombra do bosque de ribeira fai as delicias dos visitantes.

É igualmente interesante é a área de lecer das Eiras, coa súa praia fluvial. Un lugar onde as sobreiras e piñeiros crean un espazo cunha preciosa paisaxe.



Ruta sinalizada




1 mapa do percorrido
escala 1:20.000

**Marcas e sinais
sendeiristas no percorrido**

-  Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.
-  Mala dirección. Indica un camiño incorrecto.
-  Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.
-  Sinal nunha derivación: camiño de ida e volta dende a ruta principal.
-  Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.



PR-G 112
Sendeiro de Pescadores
 Río Miño - Tamuxe
 Ruta homologada en 2009





LEENDA


- Poboación
- Igrexa ou Capela
- Área Recreativa
- Muíno
- Cemiterio
- Panel
- RUTA SENDEIRISTA

Sendeiro sinalizado
Sendeiro de Pescadores
 Río Miño - Tamuxe

Ano de Homologación: 2009

Entidade Promotora:
 Concello do Rosal

Entidade Homologadora:
 Federación Galega de Montañismo
 www.fgmontanismo.es



Pódese descargar gratuitamente o percorrido desta ruta para GPS na web www.segatur.com

Concello do Rosal: Tel. 986 625 000
www.orsal.es
www.concellodorosal.es

Emerxencias: Tel. 112 SOS-Galicia

MIDE		PR-G 112 Sendeiro de Pescadores Río Miño - Río Tamuxe	
horario	1 hora 30 min	1	severidade do medio natural
desnivel de subida	15 m	1	orientación no itinerario
desnivel de baixada	15 m	1	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	7'5 km	2	cantidade de esforzo necesario
tipo de percorrido	lineal	Máis información: www.euromide.info	
A ruta non está exenta de riscos: ATENCIÓN COS NENOS. Paso obrigado por estrada. Tempo estimado segundo criterios MIDE e sen paradas.		PR-G 112 Mapas IGN 1:25.000: 299-I, 299-III	

MIDE (Método de Información De Excursións)

MIDE é un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar e expresar as esixencias técnicas e físicas dos percorridos. O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das excursións para permitir a cada practicante unha mellor elección. De calquera forma, o usuario debe saber que a Natureza é máis complexa que o que pode valorar o MIDE. Os valores van de 1 a 5 puntos.

Medio. Severidade do medio natural	1 O medio non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
Binario. Dificultade de orientarse no itinerario	1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
Desprazamento. Dificultade no desprazamento	1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas con chansos ou terros irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
Esforzo. Cantidade de esforzo necesario	1 Ata unha hora de marcha 2 De 1 ata 3 horas de marcha 3 De 3 ata 5 horas de marcha 4 De 5 ata 10 horas de marcha 5 Máis de 10 horas de marcha

Calculado segundo criterios MIDE para un excursionista medio pouco cargado.